

Fundamentos de ITIL v5 - 2ª edición

Descrición

O curso Fundamentos de ITIL® (versión 5) proporciona unha base sólida e actualizada na xestión de produtos e servizos dixitais. Está orientado a persoas responsables e líderes de TI, profesionais, persoal de soporte e, en xeral, a aquelas persoas que interactúan coas funcións de sistemas dixitais e de información dunha organización.

A formación permite adquirir unha comprensión práctica dos conceptos clave, da linguaxe común, dos principios e das prácticas que facilitan unha xestión eficaz dos produtos e servizos dixitais modernos habilitados pola tecnoloxía.

O curso baséase no Sistema de Valor e nas boas prácticas de ITIL® versión 5, adaptadas aos contornos dixitais actuais e á incorporación da intelixencia artificial, da automatización e doutros marcos de traballo complementarios.

Así mesmo, prepara as persoas participantes para realizar o exame oficial de certificación ITIL® Foundation (Version 5).

Obxectivos

O obxectivo xeral do curso é proporcionar ao alumnado unha comprensión actualizada dos conceptos, principios, compoñentes e prácticas fundamentais de ITIL® versión 5, así como preparalo para a realización do exame oficial de certificación.

Ao finalizar a formación, as persoas participantes serán capaces de:

- Comprender os conceptos clave da xestión de produtos e servizos dixitais.
- Comprender as relacións de servizo e a cocreación de valor entre provedores, consumidores e outras partes interesadas.
- Identificar as catro dimensións de ITIL® para a xestión de produtos e servizos.
- Comprender o Sistema de Valor de ITIL® e a relación entre os seus compoñentes.
- Comprender como os principios guía de ITIL® axudan as organizacións a adoptar e adaptar a xestión de produtos e servizos.
- Coñecer o modelo do ciclo de vida de produtos e servizos de ITIL® e as súas principais actividades.
- Identificar as prácticas de xestión de ITIL® e a súa contribución á creación de valor.
- Comprender os beneficios de identificar, representar e xestionar os fluxos de valor.
- Comprender o papel da gobernanza e da mellora continua na xestión de produtos e servizos dixitais.
- Analizar como afecta a intelixencia artificial á xestión de servizos e en que consiste a gobernanza da IA.
- Comprender a relación de ITIL® con outros marcos e formas de traballo, como DevOps e PRINCE2®.
- Adquirir os coñecementos necesarios para afrontar o exame oficial ITIL® Foundation (Version 5).

Dirixido a

Este curso está dirixido a profesionais das tecnoloxías da información de todos os niveis e a persoas que participan no deseño, na construción, na prestación, na operación ou na xestión de produtos e servizos dixitais modernos.

Resulta especialmente axeitado para:

- Profesionais da xestión de servizos de TI.
- Persoal de soporte técnico e centros de atención ás persoas usuarias.
- Responsables de operacións e prestación de servizos.
- Service Managers e Service Owners.
- Product Managers e Product Owners.
- Profesionais da consultoría ITSM.
- Responsables de transformación dixital.
- Profesionais de equipos Agile, DevOps e SRE.
- Persoas que desexen iniciarse ou actualizar os seus coñecementos no marco ITIL®.
- Profesionais que queiran obter a certificación oficial ITIL® Foundation (Version 5).

Non se requiren coñecementos previos de ITIL®, aínda que é recomendable dispoñer de experiencia básica en contornos tecnolóxicos ou na xestión de proxectos, produtos ou servizos.

BENEFICIOS

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Diploma de asistencia

Perfil do docente

A formación será impartida por un ou unha profesional que cumpra, como mínimo, os seguintes requisitos:

- Formador con certificación en ITIL®.
- Máis de cinco anos de experiencia profesional.
- Máis de catro anos de experiencia docente.
- Experiencia na impartición de formación orientada a certificacións oficiais.
- Experiencia práctica en xestión de servizos, produtos dixitais, operacións ou transformación dixital.

PROGRAMA

Programación 2026/27

TIPO

CURSO



Fundamentos de ITIL v5 - 2ª edición

MATRÍCULA	Gratuíta
PERIODO INSCRICIÓN	01/11/2026 - 15/11/2026
PROBA DE SELECCIÓN	16/11/2026 (00:00)
CRITERIOS DE SELECCIÓN	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
Nº PRAZAS	20 (Mínimo 10)
METODOLOXÍA	Presencial
TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	20 horas
DATA INICIO	07/12/2026
DATA FIN	11/12/2026
HORARIO	De luns a vernes de 16:00 a 21:00 horas (martes 8 é festivo)..
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	ITIL® Foundation (Version 5)
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 5 horas
TECNOLOXÍA	ITIL
PERIODO DOCENCIA	07/12/2026 - 11/12/2026

Temario

MÓDULO 1. TERMOS E DEFINICIÓNS CLAVE DE ITIL®

MÓDULO 2. AS CATRO DIMENSIÓNS DE ITIL® PARA A XESTIÓN DE PRODUTOS E SERVIZOS

MÓDULO 3. O CICLO DE VIDA DOS PRODUTOS E SERVIZOS DE ITIL®

MÓDULO 4. O SISTEMA DE VALOR DE ITIL®

MÓDULO 5. IDENTIFICACIÓN, REPRESENTACIÓN E XESTIÓN DOS FLUXOS DE VALOR

MÓDULO 6. ITIL® E INTELIXENCIA ARTIFICIAL

MÓDULO 7. ITIL® E OUTROS MARCOS DE TRABALLO

MÓDULO 8. PREPARACIÓN PARA O EXAME OFICIAL